



CONCELLO DE CHANTADA

Resolución da Alcaldía de aprobación das Bases do concurso do desfile de comparsas e disfraces do Entroido 2020.

Expediente N°: 65/2020

Asunto: Aprobación das Bases do concurso do desfile de comparsas e disfraces do Martes de Entroido 2020.

VISTOS os artigos 183 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, os artigos 52 e seguintes do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, as Bases de execución do orzamento para este exercicio e o artigo 8 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

VISTA a delegación de competencias realizada mediante Resolución 267 e 277/2019 de delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, no que se delega o outorgamento de subvencións e axudas económicas de todo tipo, de conformidade coa Lei Reguladora das Facendas Locais e disposicións de desenvolvemento na Xunta de Goberno Local.

VISTO o RC

| Aplicación | Concepto | Data | Importe | N° de operación |
|------------|--------------------------|------------|----------|-----------------|
| 334/489.02 | Premios do Entroido 2020 | 04/02/2020 | 3.500,00 | 220200000045 |

PROPÓNSE A ADOPCIÓN DA SEGUINTE RESOLUCION

PRIMEIRO. Avocar as competencias para este suposto en concreto a favor da Alcaldía en relación co “outorgamento de subvencións e axudas económicas de todo tipo” de conformidade co previsto no artigo 10.1 parágrafo 2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEGUNDO: Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria, convocar e publicar no tablón de edictos do Concello de Chantada, no BOP de Lugo, no tablón da Casa da Cultura e na páxina web municipal co que se xuntan como anexos ao expediente.

BASES DO CONCURSO DO DESFILE DE COMPARSAS E DISFRACES DO ENTROIDO 2020

PRIMEIRA.- ACTIVIDADE SUBVENCIONADA E BENEFICIARIOS

O obxecto da presente é convocar un concurso de carnaval coa finalidade de promocionar e conservar este tipo de tradicións. A actividade subvencionada

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

será a realización do concurso do desfile de comparsas e disfraces do Entroido 2020.

A saída será dende a Avenida de Lugo (Domus) o sábado día 22/02/2020 ás 17:00 horas e rematará na Praza de Galicia.

SEGUNDA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

O Concello de Chantada comprométese a aportar a cantidade de 3.500,00€ en concepto de Premios do Entroido 2020 definida na consideración precedente, con cargo á aplicación orzamentaria 334/489.02.

Esta cantidade será aboada ao beneficiario, para o cal será necesario e imprescindible que o xurado poña en coñecemento do Concello de Chantada os premiados.

TERCEIRA.- REQUISITOS PARA O CONCURSO DO DESFILE DE COMPARSAS E DISFRACES DO ENTROIDO 2020

O Xurado valorará a orixinalidade dos disfraces, a posta en escena, a simpatía e a gracia dos participantes.

O XURADO DO CONCURSO ESTARÁ COMPOSTO POR:

- Membros da orquestra ou grupo musical contratado con motivo do Entroido 2020.
- A responsable da Casa da Cultura do Concello de Chantada, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

O xurado terá liberdade para establecer as súas cualificacións, sendo os criterios a valorar os seguintes: a montaxe, a elaboración e os materiais utilizados, a orixinalidade, o humor, a posta en escena e a utilización de música en vivo.

O persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar o seu posto da orde, a calquera elemento das comparsas que se considere perigoso (animais de todo tipo, petardos, etc....) co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

O Xurado fará pública a súa decisión unha vez rematado o desfile, reservándose o dereito de declarar deserto os premios e as axudas que considere oportunas por non acadar a calidade ou participación suficiente. Será publicada ademais no taboleiro de anuncios do Concello.

A decisión do xurado é inapelable.

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases.

CATEGORÍAS

1. ADULTOS

COMPARSAS:

Todos aqueles grupos formados por máis de 10 persoas.

2. INFANTIL

COMPARSAS:

Todos aqueles grupos formados por máis de 10 persoas.

Poderán participar na modalidade de infantil todos os grupos formados integramente por menores de 14 anos, ou que máis dun 50 % dos seus membros sexan menores desta idade.

AXUDAS

Coa finalidade de que a participación sexa importante darase a cada comparsa participante de 10 ou máis persoas a cantidade de:

COMPARSAS: 250,00 €

A cantidade máxima de comparsas que opten a esta axuda non excederá en ningún caso de seis, no caso de exceder desta cantidade priorizará a orde de inscrición.

1. INSCRICIÓN

As persoas ou grupos que desexen participar deberán presentar no rexistro do

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

Concello e dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria vía BDNS no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ata o 19 de febreiro de 2020.

O procedemento de concesión será por concorrencia competitiva.

As persoas ou grupos que desexen participar deberán presentar no rexistro do Concello e desde o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria vía BDNS no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ata o 19 de febreiro de 2020, a seguinte documentación con carácter obrigatorio:

- Solicitud asinada polo participante ou representante legal.
- Fotocopia do DNI do solicitante e no seu caso do CIF.
- Certificación da conta bancaria.

O xoves día 20 de febreiro celebrarase, cun representante de cada comparsa, unha reunión de obrigada asistencia na casa da Cultura ás 20:00 horas.

A súa finalidade é a de aclarar dúbidas e precisar o lugar que cada quen ocupará no desfile, é moi importante traer o audio a reproducir o día do desfile en formato extraíble de cada comparsa participante.

INFORMACIÓN: CASA DA CULTURA DE CHANTADA - 982441752

PREMIOS: DESFILE DE COMPARSAS 2020
ACÓRDASE DAR OS SEGUINTE PREMIOS:

COMPARSAS ADULTOS

1º PREMIO: 450,00 €

2º PREMIO: 350,00 €

3º PREMIO: 200,00 €

COMPARSAS INFANTIL

1º PREMIO: 450,00 €

2º PREMIO: 350,00 €

3º PREMIO: 200,00 €

CUANTÍA DE PREMIOS: 2.000,00 €

CUANTÍA DE AXUDAS: 1.500,00 €

TOTAL GASTO: 3.500,00 €

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org



Cod. Validación: 9LX2NQQMRHFRA5DYMSPLZL7RW | Corrección: https://chantada.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6



CONCELLO DE CHANTADA

CUARTA.- PRAZO E MODO DE PAGO DA SUBVENCIÓN.

O prazo para a realización da actividade será o desfile de entroido do ano 2020, e deberán estar presentadas todas as xustificacións antes de tres meses dende a celebración do mesmo.

QUINTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Son obrigas dos beneficiarios aquelas recollidas no artigo 14 da LXS.

SEXTA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLO BENEFICIARIO:

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición de conta por parte do xurado, así como o xustificante de recibir o premio segundo o establecido no apartado anterior.

En todo caso, deberá facerse por parte do participante:

- A) Declaración responsable de cumprir os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- B) Declaración responsable de no ser deudor da Facenda pública e de estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social.

SÉPTIMA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En materia de infraccións e sancións as partes remítense ao preceptuado nos artigos 52 e seguintes da Lei xeral de subvencións.

OITAVA.- RÉXIMEN XURÍDICO

Estes premios rexeranse polas presentes bases e polo establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, RD 887/2006 Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e supletoriamente pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como demais normativa que sexa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL: ENTRADA EN VIGOR. : Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención-Tesourería para o seu coñecemento aos efectos oportunos.
Chantada, na data da sinatura electrónica no 2020.

O ALCALDE ,

A SECRETARIA.
Os sós efectos de fé pública

A/ Manuel L. Varela Rodriguez

A/ María Alvarez Alvar

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org



Cod. Validación: 9LX2NQQMRHFRA5DYMSPLZL7RW | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6